Onde o ceo bica o mar

Estrofas **Em – G – D – Em**
Retrouso **Em – G – D – C – B – Em**

Estrofa 1
Em – G – D – Em
E nunha Praia da aldea,
Na que o mar sempre mandaba,
Ten cuidado coa marea,
Que se baixa vas con ela...
Moita area percorría,
Todo o chan que alí ficaba,
Cuncas de moitos cangrexos,
Polo Chan xa atopabas

Retrouso
Em – G – D – C – B – Em
Onde o ceo bica o mar,
Onde o ceo bica o mar,
Alí onde o sol se agocha,
Na beira, na beira do mar!
Sube e baixa a marea
Sube e baixa sen parar,
Pois cando a lúa está ben chea,
Preto e lonxe queda o mar!!!

Estrofa 2
Em – G – D – Em
Moitas dunas perduraban
Pois a marea non chegaba
Por alí se albiscaban
As parellas namoradas!
Calas, recunchos de area,
Xa nas rochas atopabas,
Pois cando baixa a marea,
Moitos ollos, que miradas!

Retrouso
Repite o retrouso completo.

Estrofa 3
Em – G – D – Em
Rochas fíos coma dentes
Outras menos afiladas
Pois o mar as veces talla
E a rocha faise almofada
Contra as olas te tirabas
Mais o mar te regresaba,
Ten cuidado coas correntes,
Non esquezas onde estabas!

Retrouso
Repite o retrouso completo.

Estrofa 4
Em – G – D – Em
Praias valeiras de xente,
A ben poucos atopabas
E cando o sol adormece
No horizonte tes a calma...
Praias de verán e inverno,
Sempre a calma atopabas
Non fai falta ir a buscalas
Pois todas están na patria!!!